



## **Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia na toma de posesión de Jesús Palmou como conselleiro do Consello de Contas de Galicia o 29 de maio de 2009**

Presidente da Xunta de Galicia,  
Conselleiros do Consello de Contas,  
Deputados,  
Autoridades,  
Señoras e Señores:

A institución do tribunal de contas ten unha longa raigame na historia de España, que se remonta, cando menos, ao século XV, no que o Rei Juan II de Castela instituíu, nas súas ordenanzas, a Contaduría Mayor de Cuentas.

O protagonismo económico dos poderes públicos ten medrado moito desde entón, facendo hoxe, máis necesario que nunca, contar con institucións encargadas da “vigilancia sobre la rectitud de todas las gestiones y actos efectuados con dinero de la hacienda real”.

Porque, efectivamente, o papel das institucións de control externo resulta esencial para o bo funcionamento do Estado social e democrático de dereito contemporáneo.

Nun contexto como o actual, no que os parlamentos non dispoñen de medios humanos e técnicos cos que realizar unha das súas funcións máis esenciais, o labor de controlar o gasto público, cobran especial significado os órganos de control externo.

O constituínte español de 1978 tivo ben presente estas consideracións, ao crear na nosa Norma Fundamental, no seu artigo 136, o Tribunal de Cuentas, recuperando unha institución de longa tradición histórica.

Co mesmo atinado criterio, o estatuínte galego creou o Consello de Contas de Galicia. Como se pode comprobar no artigo 53.2 da nosa norma institucional básica, é o propio Estatuto de autonomía de



Galicia o que crea o Consello de Contas, coa función de asegurar a rendición das contas da Comunidade Autónoma para que sexan sometidas á aprobación deste Parlamento.

Unha fiscalización das contas do sector público autonómico que, regularmente, o Consello presenta nesta Cámara, contribuíndo notablemente, desde a súa efectiva posta en funcionamento hai xa máis de 18 anos, a mellorar a calidade do debate sobre os orzamentos públicos, grazas ás fundadas análises que recolle nos seus informes.

Creo reflectir o sentir unánime dos representantes do pobo de Galicia, de todos os deputados e deputadas, ao expresar o firme apoio do conxunto da Cámara ao bo funcionamento do Consello de Contas. Unha institución que ten gañado un merecido prestixio pola calidade dos seus informes; e que, de acordo coas manifestacións realizadas nesta Cámara, perante a correspondente Comisión parlamentaria, por quen ten a honra de exercer a súa representación, o conselleiro maior, coñecemos que se está a traballar intensamente para mellorar os prazos de presentación dos informes da Conta xeral, o que lles permitirá aos diversos grupos dispor de mellor e máis actualizada información nos debates parlamentarios.

Porque se o axeitado funcionamento das institucións de control externo resulta imprescindible en toda circunstancia, non é menos certo que o traballo que ten encomendado o Consello de Contas cobra especial relevancia no momento actual.

En primeiro lugar, porque, afortunadamente, a nosa cidadanía é hoxe moito máis esixente cos responsables políticos que administran fondos públicos, e demandan un uso racional, eficaz e eficiente dos recursos que os poderes públicos recadan a través dos impostos, que, non podemos esquecer, son obtidos mediante limitacións e reducións das liberdades individuais que se ceden ante a existencia dun superior interese público.

E, en segundo lugar, porque o rigor e a transparencia sempre requiridos a quen administra a facenda pública son moito máis esixibles nun momento de crise, no que o principio económico da



escaseza fai especialmente complexo atender eficientemente unhas crecentes demandas sociais que, como sociedade solidaria, non podemos deixar de atender, e mesmo intensificar.

Reunímonos hoxe para asistir á toma de posesión dun novo conselleiro do Consello de Contas de Galicia, D. Jesús Palmou Lorenzo, persoa cunha dilatada experiencia de servizo público, e de coñecemento do dereito que, estou segura, porá ao servizo da institución, da que pasa, desde hoxe, a formar parte, dando continuidade ao excelente labor que os demais conselleiros e os magníficos profesionais desa casa están a desenvolver.

Jesús foi un deputado que desenvolveu unha intensa actividade neste Parlamento, participando na elaboración de importantes proxectos de lei. Como te coñezo, Jesús, estou segura de que, nesta nova etapa que agora comezas, vas facer un gran traballo, amosando, desde as túas novas responsabilidades, o compromiso, a entrega e a dedicación que marcan a túa traxectoria.

Dotar a Galicia de institucións de autogoberno foi un obxectivo longamente arelado polos galeguistas históricos. O Consello de Contas constitúe un dos alicerces sobre os que se sustenta a operatividade do noso autogoberno. O feito de que sexa unha institución consolidada, grazas ao traballo dos actuais conselleiros, dos que os precederon, e do persoal do Consello, enchería de satisfacción a todos aqueles que, desde diferentes sensibilidades políticas e persoais, dedicaron a súa vida para sentar as bases dunha Galicia autónoma e plenamente democrática.

Non quero rematar a miña intervención sen enviar un saúdo agarimoso a Pedro Puy, que deixou o órgano fiscalizador para asumir novas responsabilidades como deputado nesta Casa.

Ao novo conselleiro de Contas, os nosos parabéns, e desexos de que cumpra con éxito a súa nova función, algo do que non dubidamos todos os que te coñecemos.

E a todos os que nos acompañan, moitas grazas.



Queda clausurado o acto de toma de posesión de D. Jesús Palmou como conselleiro do Consello de Contas de Galicia.

(HIMNO GALEGO)